- Las materias Ecoprocesos para el tratamiento de aguas y Tecnologías innovadoras de tratamiento de efluentes intentarán realizar una visita a la EDAR de Guillarei). Charla de Espina y Delfín.
- Tecnologías para la valorización de biomasa: Realizará una visita técnica as Finsa (Santiago de Compostela).

2. Modificaciones en aspectos prácticos de la docencia: calendario, uso del campus virtual, herramientas informáticas, idioma

La docencia se imparte en los siguientes espacios:

Clases expositivas, seminarios y tutorías: Aula A5

Laboratorio RB: L1.7

Laboratorio ETRA: L2.7

Laboratorio MTCPS: L1.1 y planta piloto

Laboratorio TITE: planta piloto

El plan de contingencia para el desarrollo de la docencia 21-22 en relación a la COVID-19 de la ETSE está disponible en el siguiente enlace:

https://nubeusc.sharepoint.com/:b:/r/sites/centro-etse/Documentos%20compartidos/Archivo/Normativa/PLANS%20COVID19/17.-%20plan%20de%20continxencia%20para%20o%20desenvolvemento%20da%20docencia%2021-22.pdf_asinado.pdf_.pdf?csf=1&web=1&e=aEclUc

Delegado COVID: Óscar Rodríguez Figueiras (oscar.rodriguez@usc.es), secretario de la ETSE.

Todos los profesores usan el campus virtual (en Moodle) de sus respectivas materias.

Los idiomas de impartición de las materias son los mismos que en cursos precedentes.

No hay cambios significativos en la docencia de las materias.

3. Materias de/con prácticas (laboratorio/informática).

Se recuerda la necesidad de cumplimentar debidamente los protocolos de seguridad, especialmente en la docencia práctica. Los formularios relativos a la seguridad en laboratorios

experimentales se encuentran en la intranet de la ETSE en el apartado de Seguridad de la página web de la ETSE en bajo el epígrafe de Formularios para docencia en el enlace:

<https://nubeusc.sharepoint.com/:w:/r/sites/centro-etse/Documentos%20compartidos/Archivo/Seguridad/Formularios/Formularios%20para%20docencia/Protocolo%20de%20formaci%C3%B3n%20b%C3%A1sica%20en%20materia%20de%20seguridad%20para%20espazos%20experimentais.%20Plantilla%20de%20comprobaci%C3%B3n%20de%20formaci%C3%B3n%20e%20Notificaci%C3%B3n%20de%20recibo.docx?d=wd435bdde45f5478aa19ee27e4fa84472&csf=1&web=1&e=LcdDdS>

En cuanto a las herramientas informáticas la profesora J González indica que en su materia usa el Excel y el SPSS, los profesores A Soto y H Rodríguez usan el Hsys y los profesores JM Garrido y A Mosquera que usan el Excel, el profesor JA Souto que usa el Excel y otros programas específicos (RING, WEBGAUSS) que no precisan instalación en el ordenador del Aula.

4. Acciones de mejora

- Incentivar las charlas de personal de empresas en las materias del máster.

5. Turno abierto

El profesor R Méndez recuerda la importancia de colocar la fecha de revisión en las actualizaciones que se hagan de los horarios del máster.

La coordinadora pone en común con los asistentes el contenido de un correo electrónico del profesor G Feijoo en el que pide valorar:

i) la posibilidad de que algún docente pueda dar una conferencia (conectándose por MS Teams) como complemento a lo que se imparte en el aula. El número de horas nunca sería superior al 10% de horas de POD de la materia, como ya se hace en el Máster de Ingeniería Ambiental.

ii) que se valore el pago por la conferencia de manera que si la ETSE tiene financiación para esto se puede financiar el pago de todas las charlas que se hagan de forma estandarizada.

El primer punto se comunicará al coordinador del Máster y el segundo se consultará con el coordinador y la dirección de la ETSE.

El profesor JM Garrido propone que se comunique al coordinador la posibilidad de abrir el acceso a nuevo profesorado a las materias del máster mediante una convocatoria abierta.

El profesor JA Souto propone que se agrupen las materias de las materias optativas (3 ECTS) que convengan en una mitad del módulo, como se hacía inicialmente en este módulo IV, de manera que no se extiendan en el tiempo para favorecer que el alumnado pueda seguir mejor la docencia. El resto de los asistentes no ve esa necesidad en su caso particular. Se transmitirá al coordinador esta información para que la tenga en cuenta con la materia Energía y Contaminación Atmosférica.

Fdo. Anuska Mosquera Corral
Coordinadora del Módulo IV del MEQB

3. Ratificación da aprobación de propostas de Trabajo Fin de Máster.

Os alumnos do MEQB:

- Arribas Jimeno, Andrea
- Lajos Couselo, Miguel Antón
- Zurano Villasuso, Ignacio

presentaron as propostas de TFM que se recollen na táboa. Ademais, Andrea Arribas presentou adicionalmente, e co acordo dos titores correspondentes, unha carta de renuncia a unha proposta que se lle aprobara anteriormente. A Comisión aprobou estas propostas de TFM polo procedemento de urxencia, con data 17-3-2022.

Alumno/a	Título	Titor(a)	Cotiro/a
759 Arribas Jimeno, Andrea	Aplicabilidad de la tecnología de imágenes hiperespectrales (HSD) como método no invasivo para la evaluación de la calidad del pescado	Julia González Álvarez	Carlos Vilas Fernández Juan Rodríguez Herrera
461 Lajos Couselo, Miguel Antón	Deseño e simulación dun tanque de almacenamento de auga de operación estratificado por temperatura para instalación térmicas de edificios	Ana Mª Soto Campos	Pablo Docampo Rey Néstor Noal Mientes
484 Zurano Villasuso, Ignacio	Remoción de fósforo con cloruro férrico: influencia de las condiciones de operación en la remoción de fósforo orgánico y en las características de sedimentabilidad del lodo físico-químico	Juan M. Garrido Fernández	Claudia Santiviago

Ratifícanse por asentimento estas aprobacións realizadas polo procedemento de urxencia.

4. Ratificación da aprobación de recoñecemento da materia Prácticas en Empresa por experiencia profesional.

A alumna Laura Miguélez Riádigos solicitou o recoñecemento da materia “Prácticas en empresa” en base á súa experiencia profesional como bolseira do Programa de Bolsas de Formación de FEUGA na empresa ENCE (Pontevedra) por un período de 6 meses (de novembro de 2020 a maio de 2021), desempeñando labores de colaboración en liñas de investigación e de posta a punto de equipos de laboratorio. A Comisión aprobou este cambio de título polo procedemento de urxencia, con data 19-4-2022.

Ratifícanse por asentimento estas aprobacións realizadas polo procedemento de urxencia.

5. Informes.

5.1) Axudas para prácticas de campo no 2º semestre do curso 2021-2022.

O 4 de febreiro recibíuse desde a Vicerreitoría de Organización Académica notificación da resolución provisoria da concesión de axudas para a realización de prácticas de campo durante o 2º semestre do curso 2021-2022. Entre as axudas concedidas para a ETSE figuraban as dúas solicitudes emitidas desde o MEQB (unha visita ligada á materia optativa “Tecnoloxías para a valorización de biomasa” e outra ás materias optativas “Ecoprocesos para o tratamento de augas” e “Tecnoloxías innovadoras para o tratamento de efluentes”).

5.2) Modificación de matrícula para materias do 2º semestre.

Durante o prazo de modificación de matrícula para materias do 2º semestre, estipulado polo Servizo de Xestión Académica entre o 4 e o 11 de febreiro, emitíronse 15 autorizacións preceptivas a estudantes con interese en realizar unha modificación parcial das materias optativas do módulo 4 nas que se matricularan inicialmente.

5.3) Defensa de TFM, convocatoria de febreiro de 2022.

O 10 de febreiro de 2022 celebráronse as defensas dos 5 TFMs presentados á convocatoria de febreiro de 2022, en modalidade presencial, coa única excepción dunha defensa que se realizou en modalidade telemática utilizando a plataforma MS Teams debido a causa xustificada. A constitución final dos tribunais avaliadores foi:

- Tribunal 1: Ramón Méndez, M. Teresa Moreira, Juan R. Piñeiro (3 TFMs).
- Tribunal 2: Ana M. Soto, M. Dámaso Rodríguez, Eva Rodil (2 TFMs).

5.4) Convocatoria anticipada de matrícula 2022-2023 para estudantes con título de acceso alleo ó Espazo Europeo de Educación Superior.

O 9 de febreiro publicouse a convocatoria anticipada de matrícula en másters da USC no curso 2022-2023 para estudantes con título de acceso non pertencente ó EEES. O prazo de solicitudes abriu o 17 de febreiro e rematou o 18 de abril. Houbo tres solicitudes, das cales dúas foron admitidas e unha foi excluída.

5.5) Participación en xornada de portas abertas virtual de másters da USC.

O 17 de febreiro de 2022 o Coordinador do MEQB participou nunha xornada de portas abertas mediante *webinar* coa presentación de másters das áreas de estudos de Ciencias e Enxeñarías, dirixida particularmente a estudantes de América Latina, e co auspicio organizativo da Vicerreitoría de Titulacións e Captación Internacional (Servizo de Captación Internacional). A materialización da actividade, promocionada a través de *mailing* a 450.000 persoas e cun alcance a través de redes sociais de 168.765 e 100.199 nas distintas publicacións, resultou en 1045 persoas rexistradas ou participantes sen se ter rexistrado. Ó facer o rexistro, 299 persoas mostraron interese nas ramas de Ciencias e Enxeñarías, e 28 especificamente no MEQB.

5.6) Charla informativa sobre o MEQB ó alumnado de 4º do Grao en Enxeñería Química da USC

En liña coa acción de mellora AM-MEQB-1 da axenda 2021-2022 (“Difundir o Máster entre o alumnado do último curso dos graos do ámbito da Enxeñaría Química na USC”), o 24 de febreiro de 2022 levouse a cabo na ETSE unha charla informativa sobre o MEQB dirixida especificamente ó alumnado de 4º do Grao en Enxeñería Química. A actividade fora anunciada pertinentemente a través da aula de coordinación do curso. Non obstante, a asistencia foi moi reducida: tan só 4 estudantes.

5.7) Presentación sobre as prácticas en empresa e o TFM ó alumnado de 1º do MEQB

O 23 de marzo de 2022 a coordinadora do módulo 5 Julia González realizou na ETSE unha presentación sobre as prácticas en empresa e o TFM ó alumnado que cursa actualmente o 1º curso do MEQB. Houbo un total de 14 estudantes asistentes.

5.8) Encargos docentes desde o MEQB ós departamentos para o curso 2022-2023.

Con data 25-4-2022 fíxose a solicitude, desde a Coordinación do MEQB, do encargo docente para o curso 2022-2023 ós departamentos implicados na docencia do noso título. No encargo docente dos Departamentos de Bioquímica e Bioloxía Molecular, de Economía Financeira e Contabilidade, de Matemática Aplicada, de Microbioloxía e Parasitoloxía e de Psicoloxía Social, Básica e Metodoloxía repetirán os mesmos docentes do curso 2021-2022; mentres que no do Departamento de Enxeñería Química se consolida a asunción por parte dos profesores Almudena Hospido e Miguel Mauricio da docencia de Dirección de Proxectos de Enxeñería en substitución dos profesores Ana Soto e Ramón Moreira, e adicionalmente os profesores Eva Rodil, Anuska Mosquera e Héctor Rodríguez asumen de xeito repartido o encargo que tradicionalmente tiña o profesor Alberto Arce, que xa non impartirá docencia no curso 2022-2023.

5.9) Creación de grupo adicional de centro de horas interactivas de laboratorio para a materia “Deseño Conceptual de Procesos”

O Departamento de Enxeñería Química deu a súa conformidade á proposta da Comisión Académica do MEQB (reunión do 4-4-2022) de creación dun grupo adicional (grupo de centro, fóra de PDA) de sesións interactivas de laboratorio para a materia “Deseño Conceptual de Procesos”. Esta creación foi confirmada posteriormente polo SXOPRA, e xa figura na aplicación de Xescampus desde o pasado mes de abril.

5.10) Suplemento “250 Máster” do xornal El Mundo, edición 2022

O pasado 21 de abril recibíuse unha mensaxe do Gabinete de Comunicación da USC coa petición de documentación por parte do xornal El Mundo ás universidades para a elaboración do seu suplemento anual “250 Máster” na edición deste ano 2022. Desde a Coordinación do MEQB cubriuse o correspondente cuestionario, tomando como base o enviado en edicións precedentes, introducindo as actualizacións oportunas e tratando de incorporar algunhas melloras. Remitiuse ó Gabinete de Comunicación con data 6 de maio, dentro do prazo establecido, xa que era o Gabinete quen centralizaba o envío de documentación de todos os másters da USC que desexasen participar.

Adicionalmente, desde o xornal organizador do suplemento tamén enviaran un modelo de cuestionario para ser distribuído e cuberto por profesorado implicado no máster. Desde a Coordinación distribuíuse entre os membros da Comisión Académica, e varios destes membros efectivamente remitiron o cuestionario cuberto directamente ó enderezo electrónico indicado polo xornal. O Coordinador agradece o tempo dedicado e colaboración destas persoas.

5.11) Convocatoria 2022 de mencións de excelencia a másters do SUG.

No DOG de 24 de marzo de 2022 publicouse a “Orde do 14 de marzo de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria para a concesión de mención de excelencia a titulacións universitarias oficiais de máster, impartidas polas universidades do Sistema universitario [sic] de Galicia no curso académico 2021/22”, da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia. Segundo a convocatoria, cada universidade “poderá presentar, como máximo, tres solicitudes”. Para a selección dos seus másters candidatos, a USC argallou unha convocatoria interna, planificada en dúas fases. O MEQB, cumprindo os requisitos para poder optar a esta mención, participou na convocatoria interna da USC, entregando en tempo e forma os documentos solicitados nas diferentes etapas do proceso. Con data de 25-5-2022, confirmouse de xeito definitivo que o MEQB foi un dos másters seleccionados pola USC para presentar á convocatoria da Xunta, e remitiuse a pertinente documentación a través da sede electrónica da Xunta dentro do prazo estipulado. O prazo de resolución indicado na Orde citada vai ata o 25 de setembro de 2022.

5.12) Publicación da convocatoria de prácticas en empresa para o curso 2022-2023

Publicouse, con data 19-5-2022, a convocatoria de prácticas en empresa curriculares do MEQB para o curso académico 2022-2023. Están en proceso os trámites de petición e adxudicación das prazas.

5.13) Celebración do acto de graduación da 8ª Promoción do MEQB (2020-2022)

O venres 20 de maio de 2022 celebrouse no salón de actos da ETSE o acto de graduación da 8ª Promoción do MEQB (2020-2022), presidido pola directora da ETSE e coa presenza de 16 dos integrantes da promoción.

5.14) Alumnado entrante ó abeiro dos convenios de dobre título coa PUCV e a UdeC (Chile) para o curso 2021-2022.

Para o curso 2022-2023, a previsión é que o MEQB reciba 4 estudantes ó abeiro do convenio de dobre título coa PUCV e 5 estudantes ó abeiro do convenio de dobre título coa UdeC.

6. Modificación do título dun TFM en curso.

A alumna Raquel Fariñas Mera, co acordo dos seus titores, solicitou o troco do seu título orixinal de TFM "Simulación y dimensionamiento de una batería térmica a base de materiales de cambio de fase para el suministro de calefacción y agua caliente sanitaria en edificios" polo seguinte: "Diseño de instalación de calefacción y agua caliente para vivienda unifamiliar".

Apróbase por asentimento este cambio de título de TFM.

7. Aprobación das programacións docentes das materias para o curso 2022-2023.

Este pasado venres, 27 de maio, pechou o prazo para que os departamentos introducisen na aplicación da Secretaría Virtual as programacións docentes das materias para o curso 2022-2023. Tras unha revisión das programacións das materias do MEQB, esta Comisión acorda:

- Aprobar condicionadamente as programacións das materias seguintes, para as cales se suxiren modificacións, e que deberán ser acometidas como moi tarde o luns 6 de xuño para que a aprobación sexa efectiva:

Código	Materia	Coordinador(a)	Cambios a introducir
P4141103	Bioprocesos	J.M. Lema	Eliminar a última frase de "Metodoloxía da ensinanza" e, en "Observacións", todo o Plan de Continxencia así como a frase que o precede.
P4141209	Tecnoloxías innovadoras para o tratamento de efluentes	J.M. Garrido	Eliminar a última frase de "Observacións".
P4141210	Técnicas e metodoloxías en laboratorios de I+D	R. Méndez	Actualizar o último enderezo URL indicado en "Bibliografía básica e complementaria".

- Aprobar sen reservas as programacións das materias restantes, tamén con data de 6 de xuño.

8. Troco de coordinador do módulo 3.

Tras deixar a docencia de “Dirección de Proxectos de Enxeñaría”, a profesora Ana M. Soto Campos xa non imparte ningunha materia no módulo 3, polo que prefire poñer fin ó seu labor como coordinadora do devandito módulo.

A Comisión decide nomear como novo coordinador do módulo 3 a Miguel Mauricio, que manifestou o seu interese en asumir este papel.

9. Modificación de horario do módulo 2 do curso 2022-2023.

Debido a incompatibilidades horarias do profesorado tras a elaboración do POD do curso 2022-2023, a coordinadora do módulo 2 preparou unha nova versión do horario deste módulo, que se presenta no Anexo 1, contando co beneplácito do profesorado implicado e dando solución ás devanditas incompatibilidades.

Apróbase por asentimento este novo horario do módulo 2.

10. Resultados das enquisas internas de valoración dos módulos 1, 2 e 3 do curso 2021-2022.

As táboas seguintes presenta o histórico de resultados da enquisa interna de valoración dos módulos 1, 2 e 3, cos resultados correspondentes a este curso 2021-2022 destacados en grosa na columna da dereita:

MÓDULO 1	13-14	14-15	15-16	16-17	17-18	18-19	19-20	20-21	21-22
1. Os contidos das materias do módulo contribuíron a complementar a miña formación	4.1	4.4	3.4	4.1	4.0	3.5	4.0	4.1	4.6
2. A carga de traballo do módulo axústase ben á súa duración	3.0	1.8	2.8	2.5	2.6	1.8	2.6	1.6	3.3
3. O traballo autónomo proposto axústase ben ó contido das materias	3.8	2.5	3.2	3.1	3.6	3.1	3.8	2.8	3.7
4. De forma xeral o peso da avaliación continua na avaliación global das materias correspóndese coa carga de traballo proposta						2.7	3.5	2.9	3.7
5. Globalmente estou satisfeito co módulo	3.8	3.3	3.3	3.5	3.6	2.6	3.7	2.9	3.8
Taxa de resposta (%)	80.0	91.7	95.2	95.2	100.0	100.0	95.5	78.3	52.9

MÓDULO 2	13-14	14-15	15-16	16-17	17-18	18-19	19-20	20-21	21-22
1. Os contidos das materias do módulo contribuíron a complementar a miña formación	3.8	4.4	3.9	4.1	3.2	3.2	4.1	3.6	4.4
2. A carga de traballo do módulo axústase ben á súa duración	2.5	1.7	2.0	1.5	1.5	1.3	3.2	2.7	3.1
3. O traballo autónomo proposto axústase ben ó contido das materias	3.3	2.8	3.0	2.5	2.9	1.8	3.8	2.9	3.8
4. De forma xeral o peso da avaliación continua na avaliación global das materias correspóndese coa carga de traballo proposta						1.8	3.7	3.3	3.2
5. Globalmente estou satisfeito co módulo	3.7	3.0	3.3	2.5	3.2	1.5	3.7	2.5	3.6
Taxa de resposta (%)						69.0	91.0	55.6	52.6

MÓDULO 3	13-14	14-15	15-16	16-17	17-18	18-19	19-20	20-21	21-22
1. Os contidos das materias do módulo contribuíron a complementar a miña formación	3.8	4.6	4.2	4.5	4.4	4.2	4.7	4.4	4.3
2. A carga de traballo do módulo axústase ben á súa duración	3.3	4.4	4.1	4.7	4.5	4.8	4.5	4.0	4.2
3. O traballo autónomo proposto axústase ben ó contido das materias	3.4	3.9	4.2	4.6	4.6	4.8	4.6	4.2	4.6
4. De forma xeral o peso da avaliación continua na avaliación global das materias correspóndese coa carga de traballo proposta						4.5	4.5	4.4	4.6
5. Globalmente estou satisfeito co módulo	3.6	4.3	4.3	4.6	4.7	4.2	4.7	4.6	4.2
Taxa de resposta (%)	100	100	95	96	94	100	87.5	45.8	60.0

Pode observarse unha subida xeneralizada nas valoracións dos módulos 1 e 2 (no rango 3,3-4,6 para o módulo 1 e nos rango 3,1-4,4 para o módulo 2) en relación ás do ano anterior, acadando incluso valores históricos máximos para algún ítem en particular. Por outra banda, o módulo 3 mantén un moi bo nivel de valoración (rango 4,2-4,6), con puntuacións moi semellantes ás dos anos precedentes.

Entre os elementos incluídos nos comentarios que acompañaron ás cualificacións numéricas, ningún elemento identificable foi comentado coa recorrencia suficiente (máis de tres persoas) para consideralo especialmente destacable. En calquera caso, os correspondentes comentarios foron enviados á coordinadora do módulo para a súa análise na reunión de coordinación de peche do módulo.

A taxa de resposta ás enquisas continúa sendo baixa (53-60 %), cunha importante diminución no caso do módulo 1, para o que a taxa de resposta nunca fora inferior ó 78 %. O feito de ter efectuado estas enquisas por medios telemáticos (nomeadamente MS-Forms) pode ser unha das razóns da baixa taxa de resposta. Analizaranse posibles alternativas para o vindeiro curso.

11. Asuntos de trámite.

Non hai asuntos que tratar.

12. Rolda aberta de intervencións.

A coordinadora do módulo 4 dá traslado do desexo do profesor José A. Souto de ter máis concentradas no tempo as sesións da materia “Enerxía e Contaminación Atmosférica” que imparte. Analizando o horario do módulo 4, vese que non hai diferencias destacadas entre as concentracións temporais das materias optativas do módulo 4, se ben se pode considerar a petición de cambio dalgunha sesión da referida materia para diminuír o tempo transcorrido entre as súas sesións primeira e última. A raíz disto, xérase un debate entre os asistentes en relación á distribución temporal máis axeitada para as materias do módulo (concentración de certas materias optativas na primeira parte do módulo e concentración das outras na segunda parte, fronte a unha distribución máis homoxénea de todas elas ó longo da duración do módulo). Será un tema que debaterán os propios docentes do módulo na próxima reunión de coordinación de peche deste módulo.

Sendo as 12:05 h, conclúe a reunión.

En Santiago de Compostela, a 1 de xuño de 2022.

Héctor Rodríguez – Coordinador do MEQB

ANEXO 1 – Novo horario do módulo 2 para o curso 2022-2023

MÓDULO 2: DISEÑO HOLÍSTICO DE PROCESOS

Versión 1-6-2022

CURSO 2022-2023

Oct-2022					
	lunes 24	martes 25	miércoles 26	jueves 27	viernes 28
9-10		MFT	SMN	MFT	AI.2-
10-11		MFT	SMN	MFT	DCP.g2
11-12		EI	DCP	EI	EI
12-13		AGRI	DCP	AI.2-	MFT
13-14		AGRI		DCP.g1	
16-18			Lab-DCP		
18-20			16-20		

Oct/Nov-2022					
	lunes 31	martes 1	miércoles 2	jueves 3	viernes 4
9-10	AGRI	Todos los Santos	MFT	AGRI	
10-11	AGRI		MFT	AGRI	EI
11-12	EI		EI	EI	EI
12-13	MFT		EI	AI.3-SMN	AGRI
13-14	MFT				AGRI
16-18					
18-20					

Nov-2022					
	lunes 7	martes 8	miércoles 9	jueves 10	viernes 11
9-10	MFT	AI.3-SMN	MFT	AI.2-	AI.2-SMN
10-11	MFT	9-11:30	MFT	DCP.g1	9-11:30
11-12	EI		EI		
12-13	AGRI	DCP	EI	MFT	AI.2-
13-14	AGRI	DCP		MFT	DCP.g2
16-18		Lab-DCP	Lab-DCP		
18-20		16-20	16-20		

Nov-2022					
	14	15	16	17	18
9-10	MFT	AI.2-SMN	AI.2-SMN	AGRI	
10-11	MFT	9-11:30	9-11:30	AGRI	Visita
11-12				AGRI	técnica
12-13	AGRI	DCP	EI	MFT	
13-14	AGRI	DCP	EI	MFT	
16-18					
18-20					

Nov-2022					
	21	22	23	24	25
9-10	AI.2-SMN	MFT	AGRI	MFT	AI.2-SMN
10-11					9-11:30
11-12	EI	EI	EI	DCP	
12-13	AGRI	EI	AI.2-EI	DCP	Foro de
13-14	AGRI	EI	EI	EI	empresas
16-18		Lab-DCP			
18-20		16-20			

Nov/Dic-2022					
	28	29	30	1	2
9-10	AI.2-SMN	AI.2-AGRI	AI.2-AGRI	AI.2-	AI.2-AGRI
10-11	9-11:30			DCP.g1	
11-12		EI	MFT	MFT	
12-13	AI.2-EI	DCP	EI	EI-tut.G1	AI.2-SMN
13-14	AI.2-EI	DCP		EI-tut.G2	11:30-14
16-18			Lab-DCP		
18-20			16-20		

Dic-2022					
	5	6	7	8	9
9-10	AI.2-	Constitución Española	AI.2-SMN	Inmaculada Concepción	
10-11	DCP.g2		9-11:30		
11-12					
12-13	AI.2-AGRI		AGRI-tut.G1		
13-14			AGRI-tut.G2		
16-18					
18-20					

Dic-2022					
	12	13	14	15	16
9-10			Entrega		
10-11			trabajo:		MFT-tut.G1
11-12					SMN-tut.G1
12-13					MFT-tut.G2
13-14			(14:00 h)		SMN-tut.G2
16-18					
18-20					

Dic-2022					
	19	20	21	22	23
9-10					NAVIDAD
10-11					
11-12					
12-13					
13-14					
16-18					
18-20					

Dic-2022					
	20	27	28	29	30
9-10	NAVIDAD				
10-11					
11-12					
12-13					
13-14					
16-18					
18-20					

Ene-2023					
	2	3	4	5	6
9-10	NAVIDAD				
10-11					
11-12					
12-13					
13-14					
16-18					
18-20					

Ene-2023					
	9	10	11	12	13
9-10	Entrega				
10-11	trabajo:				
11-12	DCP-EI-				
12-13	AGRI				
13-14	(14:00 h)				
16-18					
18-20					

Modelización mediante fenómenos de transporte	MFT
Simulación con métodos numéricos	SMN
Análisis y gestión de riesgos industriales	AGRI
Energética industrial	EI
Diseño conceptual de procesos	DCP

Módulo incluido en el 1º semestre (Calendario escolar aprobado por Consejo de Gobierno de 9 de marzo de 2022)
 Clases expositivas, seminarios y tutorías: Aula A5
 Laboratorio DCP (g1 & g2 simultáneamente): LB.2, LB.4, LB.5 y planta piloto